

DENOMINACIÓN DE ORIXE PROTEXIDA

RIBEIRA SACRA

DOCUMENTO ÚNICO

1. Nome (s)

Ribeira Sacra

2. Tipo de indicación xeográfica

DOP - Denominación de Orixé Protexida

3. Categorías de produtos vitivinícolas

1. Viño

3.1. •Código de nomenclatura combinada

22 - Bebidas, líquidos alcohólicos e vinagre

2204 - Viño de uvas frescas, incluso encabezado; mosto de uva, excepto o da partida 2009

4. Descripción do (dos) viño(s)

VIÑO TINTO: Ribeira Sacra Súmmun Tinto e Ribeira Sacra tinto

— Ribeira Sacra Súmmun tinto:

- Fase visual: limpo e brillante, capa media alta, cor vermella que vai desde a vermella cereixa á vermella púrpura.

- Fase olfactiva:

olores froiteiros de polo menos unha das seguintes series: bagas vermellas (froitos do bosque) ou froitas de árbore (froitos vermellos de óso).

- Fase gustativa: franco, aromas a unha das seguintes series: bagas vermellas ou froitas de árbore, equilibrado en relación alcohol, acidez e adstringencia, con duración do recordo aromático do viño.

— Ribeira Sacra tinto:

- Fase visual: limpo e brillante, capa media alta, cor vermella que vai desde a vermella cereixa á vermella púrpura.



- Fase olfactiva: olores froiteiros de polo menos unha das seguintes series: bagas vermellas (froitos do bosque) ou froitas de árbore (froitos vermellos de óso).
- Fase gustativa: franco, aromas da serie bagas vermellas ou froitas de árbore, equilibrado en relación alcohol, acidez e adstrinxencia, con duración do recordo aromático do viño.

Características analíticas xerais	
Grao alcohólico volumétrico total máximo (en % vol.):	
Grao alcohólico volumétrico adquirido mínimo (en % vol.):	11
Acidez total mínima (en gramos por litro expresado en ácido tartárico):	4,0
Acidez volátil máxima (en miliequivalentes por litro):	13.33
Contido máximo total de anhídrido sulfuroso (en miligramos por litro):	150

* Os límites dos parámetros non sinalados cumplirán a normativa vixente.

VIÑO BRANCO: Ribeira Sacra Súmmum branco

- Fase visual: limpo e brillante, cor amarela que vai desde a pálida ata a dourada.
- Fase olfactiva: franco, olores da serie froitas de árbore (froitos brancos de pebida e óso).
- Fase gustativa: franco, aromas da serie froitas de árbore, equilibrado en relación alcohol e acidez, con duración do recordo aromático do viño.

Características analíticas xerais	
Grao alcohólico volumétrico total máximo (en % vol.):	
Grao alcohólico volumétrico adquirido mínimo (en % vol.):	11
Acidez total mínima (en gramos por litro expresado en ácido tartárico):	4,0
Acidez volátil máxima (en miliequivalentes por litro):	11,67
Contido máximo total de anhídrido sulfuroso (en miligramos por litro):	200

* Os límites dos parámetros non sinalados cumplirán a normativa vixente.



VIÑO TINTO: Ribeira Sacra Súmmun Barrica tinto e Ribeira Sacra Súmmun Garda tinto

Os viños comercializados co termo "barrica" deberán cumplir, ademais do especificado nos puntos anteriores segundo o tipo de viño, as seguintes características:

- Fase olfactiva: olor de polo menos unha das seguintes series: especias, madeiras ou carballo.
- Fase gustativa: aroma de polo menos unha das seguintes series: especias, madeiras ou carballo.

Características analíticas xerais	
Grao alcohólico volumétrico total máximo (en % vol.):	
Grao alcohólico volumétrico adquirido mínimo (en % vol.):	12
Acidez total mínima (en gramos por litro expresado en ácido tartárico):	4,0
Acidez volátil máxima (en miliequivalentes por litro):	20,00
Contido máximo total de anhídrido sulfuroso (en miligramos por litro):	150

* Os límites dos parámetros non sinalados cumplirán a normativa vixente.

VIÑO BRANCO: Ribeira Sacra Barrica Branco e Ribeira Sacra Garda Branco

Os viños comercializados co termo "barrica" deberán cumplir, ademais do especificado nos puntos anteriores segundo o tipo de viño, as seguintes características:

- Fase olfactiva: olor de polo menos unha das seguintes series: especias, madeiras ou carballo.
- Fase gustativa: aroma de polo menos una das seguintes series: especias, madeiras ou carballo.

Características analíticas xerais	
Grao alcohólico volumétrico total máximo (en % vol.):	
Grao alcohólico volumétrico adquirido mínimo (en % vol.):	12
Acidez total mínima (en gramos por litro expresado en ácido tartárico):	4,0
Acidez volátil máxima (en miliequivalentes por litro):	18,00
Contido máximo total de anhídrido sulfuroso (en miligramos por litro):	200

* Os límites dos parámetros non sinalados cumplirán a normativa vixente.



VIÑO ROSADO: Ribeira Sacra Súmmum rosado

- Fase visual: limpo e brillante, capa baixa ou media, cor que vai da rosa pálida á vermella cereixa.
- Fase olfactiva: olores froiteiros de polo menos unha das seguintes series: froitos do bosque ou froitos vermellos de óso.
- Fase gustativa: franco, aromas a unha das seguintes series: froitos do bosque ou froitos vermellos de óso, equilibrado en relación alcohol e acidez, con duración do recordo aromático do viño.

Características analíticas xerais	
Grao alcohólico volumétrico total máximo (en % vol.):	
Grao alcohólico volumétrico adquirido mínimo (en % vol.):	11
Acidez total mínima (en gramos por litro expresado en ácido tartárico):	4,0
Acidez volátil máxima (en miliequivalentes por litro):	11,67
Contido máximo total de anhídrido sulfuroso (en miligramos por litro):	200

* Os límites dos parámetros non sinalados cumplirán a normativa vixente.

5. Prácticas vitivinícolas

5.1. Prácticas enoloxicas específicas

— Práctica enoloxica específica

- O rendemento na extracción non será superior a 69 l de viño por cada 100 kg de uva. No caso dos viños rosados non será superior a 40 l de viño por cada 100 kg de uva.
- Para utilizar o termo “barrica” os viños deben ser sometidos a un proceso de envellecemento en barricas de madeira cos seguintes requisitos de tempo mínimo e volume máximo:
 - Tintos: mínimo de 6 meses en barricas de 500 l de capacidade máxima.
 - Brancos: mínimo de 3 meses en barricas de madeira de 600 l de capacidade máxima.
- Para utilizar o termo “Garda” os viños deben ser sometidos a un proceso de envellecemento mínimo de 7 meses en tintos e 4 meses en brancos en depósitos de madeira, formigón ou outros materiais permitidos pola legislación alimentaria distintos do aceiro e o poliéster, cos seguintes requisitos de volume:



- nos tintos:
 - depósitos de madeira con volumes desde 225 l ata 10.000 l
 - depósitos de formigón ou outros materiais con volumes de ata 5.000 l
 - nos brancos:
 - depósitos de madeira con volumes desde 225 l ata 8.000 l
 - depósitos de formigón ou outros materiais con volumes de ata 5.000 l
- Restrición pertinente na vinificación
- As variedades tintas Mencía, Brancellao, Merenzao, Sousón, Caíño tinto, Caíño longo e Caíño bravo e as brancas Godello, Loureira, Treixadura, Dona branca, Albariño, Torrontés, Branco lexítimo e Caíño branco teñen a consideración de preferentes ou principais. Os viños que levan a mención “Súmmum” estarán elaborados cun mínimo do 85% destas variedades. Os viños tintos que non se comercialicen como “Súmmum” deberán elaborarse polo menos cun 70% da variedade Mencía.
 - Non se permite a utilización de prensas continuas nin de máquinas prensoras de acción centrífuga de alta velocidade.
 - Non se permiten prácticas de prequencemento da uva ou de quecemento dos mostos ou dos viños en presenza dos bagazos para forzar a extracción de materia colorante.
 - Na elaboración dos Ribeira Sacra rosados o tempo de maceración do mosto cos bagazos non poderá ser superior a 48 horas.
 - Non se poderán utilizar anacos de madeira de carballo na elaboración e posteriores procesos.

— Práctica de cultivo

- A vendima realizarase co maior esmero, integralmente de forma manual en caixas de vendima autorizadas polo Consello Regulador, e para a elaboración de viños protexidos empregaranse exclusivamente uvas sas e co grao de madurez necesario.

5.2. Rendementos máximos

- Variedades tintas

7.500 quilogramos de uvas por hectárea e 51,75 hectolitros por hectárea

- Variedades brancas

12.000 quilogramos de uvas por hectárea e 82,80 hectolitros por hectárea



6. Zona xeográfica delimitada

A zona delimitada está formada por cinco subzonas que comprenden parte dos termos municipais que se indican a continuación:

- Subzona de Amandi : Sober e Monforte de Lemos.
- Subzona de Chantada: Portomarín, Taboada, Chantada, Carballedo e A Peroxa.
- Subzona de Quiroga-Bibei: Monforte de Lemos, A Pobra de Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, a Pobra de Trives, Manzaneda e San Xoán de Río.
- Subzona de Ribeiras do Miño: Paradela, O Saviñao, Pantón, Sober e Monforte de Lemos.
- Subzona de Ribeiras do Sil: A Teixeira, Parada do Sil, Castro Caldelas e Nogueira de Ramuín.

Estes termos municipais distribúense entre as provincias de Lugo e Ourense, na Comunidade Autónoma de Galicia.

7. Principais variedades de uva de vinificación

Albarín Blanco - Branco Lexítimo

Albariño

Brancellao

Caíño Blanco

Caíño Bravo

Caíño Longo

Caíño Tinto

Dona Branca - Doña Blanca

Godello

Loureira - Loureiro Blanco

Mencía

Merenzao

Sousón

Torrontés



Treixadura

8. Descripción do (dos) vínculo (s)

O principal aceno de identidade destes viños é a súa viticultura (denominada “viticultura heroica”), que se desenvolve sobre bancais en escarpadas ladeiras, conformando unha impresionante paisaxe antropizada. A orografía determina a existencia de multitud de microclimas, polo que a selección da altitude e a orientación é determinante na adecuada maduración. Ademais, as uvas utilizadas son principalmente de variedades autóctonas, seleccionadas ao longo dos séculos polos vitivinicultores e adaptadas ao clima e solo da zona. Elabóranse principalmente tintos, nos que a variedade Mencía é a protagonista, dando lugar a viños cor cereixa con acidez equilibrada e afroitados.

9. Condicóns complementarias esenciais (envases, etiquetaxe, outros requisitos)

— Marco xurídico:

Na lexislación nacional

— Tipo de condición complementaria:

Excepción ao requisito de producción na zona xeográfica delimitada

— Descripción da condición:

A zona de producción está constituída principalmente por zonas de ladeira con fortes pendentes, o que dificulta a construcción de adegas. Por iso permítese a elaboración en adegas construídas en terreos dalgunhas parroquias lindeiras coa zona de producción nas subzonas e termos municipais seguintes:

- Amandi: Sober.
- Chantada: Carballedo, A Peroxa , Portomarín, Taboada e Chantada.
- Ribeiras do Miño: Pantón e O Saviñao .
- Ribeiras do Sil: A Teixeira e Castro Caldelas.

— Marco xurídico:

Na lexislación nacional

— Tipo de condición complementaria:

Envaseado na zona xeográfica delimitada

— Descripción da condición:

O envasado debe realizarse en orixe. O transporte e embotellado fóra da zona de producción e elaboración constitúe un risco para a calidade do viño, xa que se pode ver exposto a fenómenos de óxido-reducción, variacións de temperatura e outros, tanto máis



graves canto maior sexa a distancia percorrida. O embotellado en orixe permite preservar as características e calidade do produto.

— Marco xurídico:

Na lexislación nacional

— Tipo de condición complementaria:

Disposicións adicionais relativas á etiquetaxe

— Descripción da condición:

O nome da denominación de orixe figurará con caracteres dunha altura mínima de 4 mm. O nome da subzona e a variedade, de indicarse, deberán recollerse con caracteres como máximo da metade da altura que se utilice para o nome da DOP.

É obligatorio o uso de marca comercial. Cando se utilicen marcas que sexan empregadas tamén noutras denominacións de orixe, a mención «Ribeira Sacra» terá que ir no mesmo campo visual que o nome da marca comercial, e o tamaño da mención «Ribeira Sacra» será polo menos tres veces superior ao nome da marca comercial, sobre o mesmo fondo e co mesmo tipo de letra.

Todas as botellas levarán unha contraetiqueta numerada. A dita contraetiqueta incluirá o logotipo da denominación de orixe.

10. Ligazón ao prego de condicións

https://agacal.xunta.gal/sites/default/files/calidade-alimentaria/vinos/Prego-condiciones-Ribeira-Sacra-xaneiro-2025_GAL.pdf